



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte RESOLUCION:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Manuel Abeledo López.
(Delegado Prov. da Consellería de Agricultura, G. e Montes).

VICEPRESIDENTE

D. Jose J. Barreiro Prado.
(Maxistrado da Audiencia Provincial)

VOCAIS

D. Jose L. Diez Yañez.
(Xefe do Servicio de Mtes e I. Forestais)

D. Luis Mª Muiños Vidueira.
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

D. Serafin Quinteiro Blanco.
(Avogado polo colexio da Provincia.)

VOCAIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE AREAS .PONTEAREAS

D. Silverio Cabaleiro Lorenzo.

D. Alvaro Carrera Dominguez.

SECRETARIA

D. Ramona C. Fernandez Alvarez. (Xefe da Sección Xurídica da Delegación Provincial de A.G. e Montes)

Na cidade de Pontevedra sendo as dezasete horas do día 20 de xuño de 1995, coa asistencia das persoas a marxe reseñadas reunese o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ó obxeto de decidir sobre a clasificación dos montes "Bouza Vella", "Lomba do Porto" e "Lomba" sitios na Parroquia de Areas, Concello de Ponteareas.

Solicitada a clasificación dos montes arriba reseñados da Parroquia de Areas polos veciños da mesma o Xurado Provincial en sesión celebrada o 7 de xuño de 1994, acordou incialo expediente de clasificación, así como a súa remisión o Servicio de Montes e I. Forestais, para o seu estudio e informe.

LINDES

NORTE E LESTE: Estrada de Cillarga e Pontearreas.

SUR: Heredeiros de Modesto Covelo e outros.

39.- Polo Relator acompañado de dous membros da Xunta Rectora da Comunidade Veciñal procedeuse a visita-los montes. Despois de un detido recorrido a todos e cada un deles, e do exame do expediente, especialmente do informe emitido polo Servicio Forestal, e non existindo aportación de documentación histórica referente a ditas parcelas de monte da cal a clasificación pretendese, compre face-las seguintes consideracións:

Polo que respecta parcela de monte denominado "LOMBA DO PORTO" non existe a mais mínima dúbida sobre o carácter veciñal da mesma pois si ben non se realiza aproveitamentos de carácter forestal, xa que existe na mesma un campo de fútbol, asemade unha pista de festexos, e outros residuos e restos de construcións, é evidente o seu aproveitamento e utilización polos veciños como comunal sen que oste a tal consideración a súa falta de vocación agraria como recoñece o artigo 1 da Lei e o Regulamento.

- De igual xeito a parcela coñecida como "BOUZA BELLA" reúne as condicións para a súa clasificación como veciñal en man común, pois se ben existe un campo de fútbol en malas condicións o resto da superficie a constitúe unha arboleda, e o uso e disfrute da mesma é claramente veciñal.

A parcela de monte denominada "LOMBA" é a que ofrece maiores dificultades para a súa clasificación a favor da Comunidade de Areas, dado que a mesma aséntase, segun a línea divisoria manifestada polos veciños, dentro dos límites da Parroquia de Areas; nembargantes, compre facer algunhas consideracións sobre o seu aproveitamento, existindo dúbidas da súa titularidade, dado que se ben o informe do Servicio Forestal sinala que o seu aproveitamento o realizan os veciños da Parroquia lindante de Ribadetea, o certo é que na actualidade está nun estado de abandono e incluso existe bastante lixo na mesma. Entende pois o relator que non debe ser clasificada a favor de ningunha Comunidade por non existir na actualidade aproveitamento algun, non existir documentación histórica sobre a mesma, e non constar as alegacións dos veciños de Ribadetea respecto da súa titularidade.

Por todo o exposto os membros do Xurado Provincial de maneira unanime rexeitan a clasificación do monte nomeado "Lomba" e acordan a Clasificación dos montes "Bouza Bella" e "Lomba do Porto" coa descripción gráfica señalada na planimetría que a escala 1/10.000 incorporase a presente Resolución formando parte inseparable da mesma e que se corresponde coa seguinte descripción:

1.- No expediente de Clasificación cumpríronse as prescripcíons establecidas na Lei de Montes Veciñais 13/89 e o seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92, emitindo o correspondente informe ó Servicio Forestal, non personándose no expediente o Concello de Ponteareas, e ningunha outra persona ou entidade en calidade de interesado. Solicitouse a práctica da correspondente anotación preventiva no Rexistro da Propiedade, que acordou non acceder a mesma ó non estar inscritos aquelas na citada oficina pública. Fixéronse as correspondentes publicacións e notificacións ca lei e o regulamento sinala.

2.- Os montes obxecto do expediente son os que a continuación se describen:

PRIMEIRA PARCELA: " Lomba do Porto".

CABIDA: 2,37 has.

LINDES

NORTE: Estrada de Ponteareas a Cillarga.

SUR: Camiño Público. Estrada de Areas a Ribadetea e Fábrica.

LESTE: Estrada de Ponteareas a Cillarga.

OESTE: Propiedade de Porto Barreiro.

SEGUNDA PARCELA: " Bouzas Bella"

CABIDA: 2,25 has.

LINDES

NORTE: Propiedade de Luciano Pereira.

SUR: Propiedade de Herederos de José Ucha Bugarín, de Luis Fernandez Troncoso.

LESTE: Propiedade de Dorinda Amil, Herederos de Domingo Carrera, María Prego y Manuel Ucha.

OESTE: Propiedade de Manuel Ucha.

TERCEIRA PARCELA: " Lomba"

CABIDA: 5.300 m/2

PRIMEIRA PARCELA: Lomba do Porto

Cabida: 2,37 has.

LINDES

NORTE: Estrada de Ponteareas a Cillarga.

SUR: Camiño público. Estrada de Areas a Ribadetea e Fábrica.

LESTE: Estrada de Ponteareas a Cillarga.

OESTE: Propiedad de Porto Barreiro.

SEGUNDA PARCELA: Bouza Bella

Cabida: 2.25 has

LINDES


NORTE: Propiedade de Luciano Pereira.

SUR: Propiedade de herdeiros de Jose Ucha Bugarín, de Luis Fernandez Troncoso.

LESTE: Propiedade de Dorinda Amil, Herdeiros de Domingo Carrera, María Prego e Manuel Ucha.

OESTE: Propiedade de Manuel Ucha.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES, dende a notificación da mesma ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 58 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei 13/89 do Parlamento de Galicia de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o artigo 28 do seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92 de 4 de setembro, modificados ambos preceptos pola Lei 30/92 de 26 de novembro do Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



The bottom section of the document contains several handwritten signatures and stamps. On the left, there is a large handwritten number '2' next to a circular official stamp of the 'XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS' from Pontevedra. To the right of the stamp, there are several overlapping handwritten signatures in black ink, including one that appears to read 'Benito Corbal' and another that is more stylized. A large, sweeping signature or scribble is also present at the bottom right.

MONTES CUYA CLASIFICACION SE SOLICITA
POR LA PARROQUIA DE AREAS (PONTEAREAS)

ESCALA 1:10.000

